



Concello de
Ortigueira



BANDO

Festival Internacional do Mundo Celta 2025

**JOSE VALENTIN CALVÍN FONDEVILA, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE
ORTIGUEIRA**

INFORMA aos veciños e veciñas do Concello de Ortigueira que co gallo da celebración do Festival Internacional do Mundo Celta deste ano dos días 9 ao 13 de xullo, é necesario adoptar unha serie de medidas para garantir a seguridade e fluidez do tráfico, a orde pública e a seguridade cidadá.

1.- Entre os **días 7 e 13 de xullo** quedará restrinxido o tráfico de vehículos dende a Avenida da Escola de Gaitas en dirección ás rúas Magdalena, Avenida de As Pontes, Eugenio López, Xosé Buide, Avenida Juan Luís Pía, Luama, Laxás, Vicoña.

2.- Non se permite o aparcamento na vía pública nas zonas restrinxidas o tráfico. Os residentes sin praza de garaxe deberán deixar os vehículos na zona da Preguiza, e nos aparcadoiros públicos. Por parte la Policía Local vixiaranse estas medidas e procederase a sancionar o incumprimento.

3.- Para a circulación de vehículos a motor por estas rúas é necesario dispor do correspondente pase, que será facilitado polo Concello.

4.- Para os residentes e vivendas familiares, entregaranse PASES PERMANENTES, que serán recollidos nas dependencias municipais ou onde se indique.

5.- DEBERÁN SOLICITAR PASE TODAS AS PERSOAS QUE CAMBIARAN DE DOMICILIO, DE VEHÍCULO, OU ALUGUEN UNHA VIVENDA DENTRO DA ZONA RESTRINXIDA AO TRÁFICO OU O REQUIRAN POR MOTIVOS LABORAIS.

O prazo de solicitude e dende o 16 de xuño no Concello, e poden pasar a recollelo pola PISCINA MUNICIPAL en horario de 10 a 13 horas a partir do 27 de xuño.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Ortigueira, 12 de xuño de 2025.

O Alcalde - Presidente,

